

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



**INFORME SOBRE AS REFERENCIAS TÉCNICAS PRESENTADAS NO SOBRE B DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO: "CICL-ANDO CARBALLO, MOBILIDADE CICLISTA E PEONIL NO CONCELLO DE CARBALLO (OBR-18/2020).-LOTE UN: SENDA 01.- CONTINUIDADE SENDA CICLO- PEONIL:AVDA BÉRTOA – POLÍGONO INDUSTRIAL BÉRTOA"**

Lorena Castrillón Manso, Enxeñeira Técnica de Obras Públicas do Concello de Carballo, unha vez examinadas as ofertas presentadas para a realización das obras que se indican no encabezamento, emite o seguinte informe:

### 1. OBXECTO:

Trátase de informar as Referencias Técnicas presentadas no sobre B, conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares que rexen para a contratación mediante procedemento aberto das obras recollidas no proxecto denominado "Senda 01.- Continuidade senda ciclo- peonil: Avda Bértoa – Polígono Industrial Bértoa", cun orzamento de execución por contrata, IVE incluído de 278,398,14 €, redactado polo enxeñeiro técnico municipal José Manuel Facal Fariña en xullo de 2020. Este proxecto constitúe o lote 1 do proxecto "CICL-ANDO CARBALLO: MOBILIDADE CICLISTA E PEONIL NO CONCELLO DE CARBALLO (OBR-18/2020).

### 2. REFERENCIAS TÉCNICAS:

Os licitadores ás obras relativas ao LOTE 1.- Senda 01.- "Continuidade senda ciclo-peonil: Avda de Bértoa – Polígono Industrial Bértoa" do expediente de contratación denominado "CICL-ANDO CARBALLO: MOBILIDADE CICLISTA E PEONIL NO CONCELLO DE CARBALLO (OBR-18/2020), dos que se vai a avaliar o sobre B son:

- CONSTRUCCIONES VÁZQUEZ Y REINO S.L
- ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A
- EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L
- CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L

Vistas as ofertas técnicas presentadas, cómpre indicar que para realizar a súa valoración se tiveron en conta os criterios que constan no artigo 12.2 e no ANEXO III do PCAP que se indican a continuación:

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



### FASE I: CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

#### 1.- Programa de traballo (cláusula 12.2)

Se valorará:

- análise correcto do ámbito de actuación
- análise correcto de posibles afeccións ao territorio, servizo preexistentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos a realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou no borde da estrada (casetas de obra, grúas, colectores, maquinaria, etc..)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais a empregar en obra
- coherencia dos programas Gantt e Pert
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares

Puntuación: ata 20 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



### 2.- Esquema do Plan de Seguridade e Saúde (cláusula 12.2)

Puntuación: ata 10 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

### 3.- Plan de Control de Calidade (cláusula 12.2)

Se valorará:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra
- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos
- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Puntuación: ata 9 puntos

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

#### **4.- Programa de actuación medioambiental** (cláusula 12.2)

Se valorará:

- análise correcta da relación da obra co medio ambiente
- análise completa das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético a adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais a adoptar ao final da obra
- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos a realizar
- descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos
- axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental na empresa e na obra

Puntuación: ata 6 puntos

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

Os aspectos considerados no presente informe foron os seguintes:

- A presentación e adaptación da oferta os criterios de valoración do PCAP, segundo o artigo 12.2
- A metodoloxía que se vai a empregar por parte da empresa na realización das obras que non se indican expresamente no proxecto, así como a concreción do grao de definición e a súa total adaptación á obra. Non se consideran idóneas as descrições xenéricas e non adaptadas, penalizando o coñecido vulgarmente como "corta e pega". Considéranse como aspectos específicos e adaptados á obra os que se enumeran a continuación:

### ❖ Programa de construción das obras

- Memoria explicativa e memoria construtiva nos que se reflexe o coñecemento das actuacións a realizar, a organización da obra, a orde e os tempos de execución e a coordinación entre oficios, etc... dunha maneira específica e adaptada a obra a executar.
- Estrutura da empresa no referente a maquinaria e medios propios da empresa adaptados a traballar conxuntamente. Así como a subcontratación esperada.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Coñecemento previo da zona onde se van a realizar os traballos, acreditados mediante un informe fotográfico comentado e guiado, etc..
  - Propostas de organización dos traballos adaptadas á obra, tales como organización do tráfico, accesos provisionais, zonas de acopios, etc..
  - Cartas de compromiso dos subministradores dos materiais necesarios para a execución das obras, etc..
  - Gráficos da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras. Porcentaxes de certificación esperadas, etc..
- ❖ Esquema do Plan de seguridade e saúde
- Valóranse positivamente as ofertas que fan unha relación e avaliación concreta dos riscos que se poden producir, tanto por actividades como por utilización de maquinaria e medios auxiliares, así como as medidas preventivas para minimizar os riscos.
  - Indicación dos centros sanitarios da zona con dirección e teléfono, así como a súa situación e itinerarios a seguir en caso de accidente.
  - Valóranse positivamente a adecuación da organización da empresa, comité de seguridade, traballador designado de forma concreta e nominativa, mutua de prevención, etc.. Así como a xestión da seguridade e saúde na obra, número de traballadores, vestiarios, comedores, etc..
  - Valóranse positivamente as melloras concretas en obra que supoñen un beneficio para os traballadores e cidadáns, por diante das melloras xenéricas e medidas que son obrigatorias segundo a lexislación aplicable.
- ❖ Plan de control de calidade.
- Valóranse positivamente a adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra en referencia ao control de calidade. Sendo a máxima referencia o Sistema de control de calidade implantado na empresa.
  - Valóranse positivamente os plans de control interno que achegan un plan de PPI adaptado as diferentes unidades de obra a executar. Como metodoloxía da suficiencia do control de obra na recepción dos materiais e a súa posterior instalación e execución na obra.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Valóranse positivamente os programas de ensaios adaptados aos traballos a executar. Na obra obxecto de licitación serán os vinculados ás unidades relativas de abastecemento e o funcionamento dos equipos vinculados.
- ❖ Programa de actuación Medioambiental
  - Indicación e valoración dos impactos medio ambientais e medidas correctoras para cada unha das diferentes actividades a executar.
  - Volumes e clasificación de residuos xerados, identificación dos vertedoiros e xestores máis próximos, así como cartas de compromiso destes xestores.
  - Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais de xeito específico.
  - Rexeneración de espazos.
  - Medidas de eficiencia e aforro enerxético.
- Valorouse de forma positiva que se indicase a disposición dos medios humanos, maquinaria e medios auxiliares que se van a poñer a disposición dos traballos, primando os medios propios por encima dos subcontratados, por considerar que o persoal está mellor adaptado ó manexo dos mesmos.
- O grao de integración das actuacións da obra en todos os aspectos, programación, calidade e seguridade e saúde.
- As valoracións fixéronse por comparación das documentacións achegadas por cada un dos licitadores.

### 3. ANÁLISE DAS OFERTAS PRESENTADAS:

#### 3.1. CONSTRUCCIONES VÁZQUEZ Y REINO, S.L

Número de páxinas correcto.

##### 1) Programa de traballo:

- Memoria explicativa na que se describen as actuacións proxectadas e se fai referencia ás medicións das distintas unidades de obra a executar.
- Memoria construtiva na que se divide a obra en fases e na que se inclúe un esquema de organización dos traballos de acordo co programa de Gantt presentado e na que se describe a secuencia de execución das fases.
- Achega relación de maquinaria e equipos de traballo completos adaptados ao funcionamento da empresa e adecuados para a obra obxecto de licitación. Indica subcontratación para os traballos de sinalización, xardinería e eslurri. Achega cartas de compromiso.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Achega procesos construtivos das seguintes unidades de obra: Desbroces, escavación e recheos; execución de sumidoiros; pavimentos prefabricados; pavimentos de formigón; pavimentos slurri; sinalización horizontal, vertical e proteccións.
- Análise dos servizos afectados correcta baseada na visita efectuada á obra.
- Análise da ordenación do tráfico rodado e das circulacións peonais durante a execución dos traballos moi completa.
- Achega un cadro de necesidades de materiais con medicións e relación de provedores. Achega cartas de compromiso.
- Faise mención aos acopios a realizar, indicando a medición, a cantidade que resulta preciso acopiar, o momento de posta en obra e a superficie ocupada.
- Achega diagrama de persoal asociado á obra obxecto de licitación.
- Fai mención aos medios auxiliares que utilizará e propón unha zona de instalacións e acopios. Achégase plano de localización, plano de implantación moi detallado e fotografía da zona proposta.
- Informe fotográfico formado por 17 fotos, comentado e con plano guía.
- Fai mención aos condicionantes externos de xeito detallado.
- Achega diagrama de Gantt completo tendo en conta a división en fases proposta para a execución das obras, no que se incorpora o listado de actividades. No listado de actividades integrado achégase a seguinte información: duración % da unidade de obra; equipo; unidade; rendemento previsto; coeficiente corrector; rendemento real; indicación de se se trata dunha tarefa crítica ou non e holgura.
- Achégase diagrama PERT
- Diagrama de inversións tendo en conta as fases propostas para a execución dos traballos, facendo referencia ao PEM e ao PEC, e gráfica asociada.

PUNTUACIÓN: 14,95 puntos.

Considérase que se trata dun programa de traballo que presenta una definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

### 2) Esquema do plan de seguridade e saúde:

- Indica os riscos e medidas preventivas comúns a todas as unidades de obra e matiza as referidas a: Movementos de terras/ canalizacións; Colocación prefabricados/Pavimentos de formigón/ Estendido de slurri.



## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Indícanse os riscos e medidas preventivas das máquinas vinculadas ás distintas unidades de obra.
- Achega esquema no que se sinala o seguemento a realizar pola empresa do plan de seguridade e saúde e fan referencia tamén ao control documental nesta materia.
- Achégase relación de documentación a esixir aos subcontratistas
- Indica servizo de prevención alleo, mutua de traballo e recurso preventivo.
- Indica e localiza dous centros médicos aos que acudir en caso de accidente.
- No relativo á xestión da saúde tense en conta o establecido no apartado "*Programa de traballos*".
- Achegan fichas de actuación en caso de emerxencia relativas a : actuacións xerais en caso de emerxencia; actuación para 1º auxilios en caso de accidente e protocolo COVID.
- Acéptanse as propostas técnicas proposta en materia de seguridade.
- Achega organigrama específica en materia de seguridade e saúde e achega certificación OSHAS 18001 (data caducidade: 11/03/2021)

PUNTUACIÓN: 7,20 puntos.

Considérase que o esquema do Plan de seguridade presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

### 3) Plan de control de calidade.

- Achega descrición da estrutura técnico - administrativa responsable, do sistema de control de calidade baseado na norma ISO 9001 e certificado (data caducidade:14/09/2021).
- Achega un programa de puntos de inspección das partidas relativas as seguintes unidades de obra: Demolición de pavimentos; Colocación bordillos prefabricados; Formigóns en pavimentos; Sinalización horizontal e vertical; Xardinería e Slurr.
- Definen os criterios de aceptación e rexeitamento a levar a cabo pola empresa durante a execución da obra, das unidades principais que a compoñen. Especificase o momento no que se ten que realizar o control.
- Achega plan de ensaios das principais unidades de obra relativas a recheos, formigón, saburra, baldosas de formigón/terrazo, bordillos e firmes e pavimentos. O plan de ensaios achegado indica: medicións, nº de ensaios, normas de aplicación e frecuencias de ensaio.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Achega compromiso coa empresa proposta para realizar o plan de ensaios de data 23/06/2020.

PUNTUACIÓN: 5,80 puntos

Considérase que se trata dun Plan de control de calidade, que presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.

#### 4) Actuación Medio Ambiental.

- Achega diagrama de organización técnico administrativa relativo á xestión ambiental baseado na norma ISO 14001. Achega certificación (data caducidade:14/09/2021).
- Compromiso de cumprimento do artigo 4.c do Real decreto 105/2008, do 01 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no caso de resultar adxudicatario.
- Realiza unha valoración de impactos para as seguintes unidades de obra:demoicións de pavimentos; movemento de terras; formación de bases; pavimentos de formigón e prefabricados; pavimento de slurri; xardinería e sinalización viaria. Do mesmo xeito faise referencia aos impactos e medidas preventivas
- Faise referencia á reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais, indicando a porcentaxe estimada de reutilización e o volume. Do mesmo xeito indícase que se colocará unha instalación para a obtención de materiais reciclados.
- Cuantifica e cualifica os residuos a xerar na obra.
- Indica e localiza un xestor de residuos da zona e achega ccompromiso do xestor para aceptar os residuos xerados.
- Faise referencia ás afeccións medioambientais.
- Faise referencia á rexeneración de espazos de xeito somero.
- Achéganse certificados de adecuación ambiental dos seguintes materiais: formigón, emulsións bituminosas e aglomerado.
- Acéptanse as medidas de aforro enerxético propostas.

PUNTUACIÓN: 4,15 puntos.

Considérase que se trata dunha actuación medioambiental que presenta una definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



**A puntuación que obtén este licitador segundo os criterios anteriores é de 32,10 puntos.**

### **3.2. ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.L**

Número de páxinas correcto.

#### 1) Programa de traballo:

- Memoria explicativa moi completa, na que se demostra o coñecemento do ámbito das distintas actuacións e no que se describen os traballos a realizar segundo o proxecto. Do mesmo xeito, analízanse cuestións singulares da obra obxecto de licitación.
- Memoria construtiva moi completa ligada ao diagrama de Gantt. Dividen a obra en ámbitos e describen a súa execución en coherencia coa programación proposta no diagrama de Gantt, analizando cuestións de organización dos equipos durante a obrastallos. Do mesmo xeito, achégase diagrama de avance da maquinaria nas distintas fases/ámbitos propostos.
- Reportaxe fotográfico comentado e guiado, formado por 26 fotos integrado na memoria explicativa do proxecto obxecto de licitación.
- Formación de equipos indicando e especificando maquinaria e persoal. Achegan tamén xustificación do número de equipos a empregar para a execución dos traballos e diagrama indicando o seu movemento na obra.
- Estudio de afeccións aos servizos afectados completo, achegan plano do INKOLAN e reportaxe fotográfica. Do mesmo xeito achégase unha proposta de ordenación do tráfico rodado e peonil moi completo.
- Describe os medios auxiliares a implantar e propoñen de xeito motivado unha zona de instalacións auxiliares, achegan plano de localización e foto.
- Achega listado de subministradores dos distintos materiais. No relativo a acopios indican o material, a cantidade e o tempo a acopiar. Do mesmo xeito, achéganse 3 cartas de compromiso.
- Indica subcontratación para a realización dos traballos de xardinería e sinalizacións.
- Achega organigrama de persoal a adscribir á obra e describe as súas funcións.
- Análise detallada dos condicionantes externos.
- Diagrama de Gantt e listado de actividades que conforman a obra que non se corresponde coa obra obxecto de licitación.
- Diagrama Pert

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Diagrama de inversións realizado acorde á programación da obra proposta, facendo referencia á inversión mensual e acumulada e á certificación mensual e acumulada. Inclúese gráfica referida ao diagrama de inversións propostos.

PUNTUACIÓN: 15,30 puntos.

Considérase que se trata dun programa de traballo que presenta una definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

### 2) Esquema do plan de seguridade e saúde:

- Indica os riscos (e a súa valoración) e as medidas preventivas das seguintes unidades de obra: Demolicións/Movementsos de terra/ Caixeados e Redes de instalacións, conducións e execución de obras de fábrica.
- Achega un organigrama de persoal en materia de seguridade e saúde, indicando as súas funcións.
- Faise referencia ao sistema de seguemento e control de aplicación do plan de seguridade e saúde.
- Indica mutua.
- Achega un plan de emerxencia, no que se analizan as actuacións a levar a cabo en derrumbes, incendios e caídas a diferente nivel.
- No relativo á xestión da saúde tense en conta o establecido no apartado "*Programa de traballos*".
- Acéptanse as melloras técnicas achegadas.
- Indica e localiza dous centros médicos aos que acudir en caso de accidente.
- Achega protocolo a seguir debido a pandemia producida polo COVID 19
- Acredítase a realización de auditorías e achegan certificado OHSAS 18001:2007, válido ata 16/01/2021.

PUNTUACIÓN: 5,90 puntos.

Considérase que o esquema do Plan de seguridade presenta unha definición completa con insuficiente adaptación a la obra.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



### 3) Plan de control de calidade.

- Achega descrición da estrutura técnico - administrativa responsable, do sistema de control de calidade baseado na norma ISO 9001. Achega certificación válida ata o 16/01/2021.
- Achega PPIs relativos as seguintes unidades de obra: losa de formigón en masa e soleira de formigón con mallazo.
- Faise referencia ao sistema de control de calidade interno da empresa a aplicar na obra obxecto de licitación.
- Achega plan de ensaios para as seguintes unidades de obra: formigón, aburra, saneamento de pluviais, bordillo e slurri. O plan de ensaios achegado indica: nº de ensaios, normas de aplicación e medicións.
- Achega compromiso coa empresa proposta para realizar o plan de ensaios indicado, de data 07/09/2020.

PUNTUACIÓN: 5,25 puntos.

Considérase que se trata dun Plan de control de calidade, que presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.

### 4) Actuación Medio Ambiental.

- Descrición dun sistema baseado na norma ISO 14001. Achega certificación válido ata o 16/01/2021.
- Achega organigrama vinculado á actuación medioambiental.
- Achega compromiso de cumprimento do artigo 4.c do Real decreto 105/2008, do 01 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no caso de resultar adxudicatario.
- Propón e localiza xestores de residuos para a obra obxecto de licitación.
- Indica e cuantifica os residuos a xerar na obra obxecto de licitación.
- Fai mención á reciclaxe e reutilización e achega informe de laboratorio acreditado e no que se analiza de xeito concreto a reciclaxe e reutilización de materiais na obra obxecto de informe.
- Realiza unha descrición dos impactos e as medidas preventivas por elemento afectado e analiza medidas correctoras concretas para as unidades de obra relativas a demolicións e movementos de terras
- Acéptanse as medidas de aforro enerxético propostas.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



PUNTUACIÓN: 3,35 puntos.

Considérase que se trata dunha actuación medioambiental que presenta una definición completa con insuficiente adaptación á obra.

**A puntuación que obtén este licitador segundo os criterios anteriores é de 29,80 puntos.**

### **3.3. EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.**

Número de páxinas correcto.

#### 1) Programa de traballo:

- Memoria explicativa na que se describe a obra obxecto de licitación, indicando as medicións das unidades de obra principais e na que se analizan aspectos concretos da obra a executar.
- Memoria construtiva na que se indica as fases nas que se divide a obra e na que se explica a secuencia de execución proposta.
- Achega relación de maquinaria e equipos de traballo completos adaptados ao funcionamento da empresa e adecuados para a obra obxecto de licitación.
- Afeccións aos servizos afectados correcta, baseada en visita ao ámbito de actuación e proposta de ordenación do tráfico rodado e peonil adecuada a levar a cabo durante a execución dos traballos.
- Achega un cadro de necesidades de materiais e relación de provedores (achegan cartas de compromiso con subministradores). Indícanse os materiais a acopiar, a súa medición, prazo de execución, a cantidade a acopiar, o prazo e a superficie necesaria.
- Achega organigrama de persoal para a obra obxecto de licitación.
- Localiza unha zona para as instalacións auxiliares e acopios, e achega plano de localización e distribución, e fotografía da zona proposta.
- Indica subcontratación para os traballos de slurri e sinalización, achega carta de compromiso.
- Informe fotográfico integrado por 28 fotografías, comentado e guiado.
- Analiza os condicionantes administrativos, ambientais e climatolóxicos da obra obxecto de licitación.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Achega diagrama de Gantt realizado de acordo ás fases propostas para a execución das obras e inclúe nel o listado de actividades facendo referencia aos seguintes aspectos das unidades de obra: medición; rendemento diario; coeficiente reductor; equipo e duración porcentual
- Diagrama PERT
- Diagrama de inversións por fases propostas e gráfica asociada.

PUNTUACIÓN: 14,50 puntos.

Considérase que se trata dun programa de traballo que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra

### 2) Esquema do plan de seguridade e saúde:

- Indica os riscos e as medidas preventivas das seguintes unidades de obra: Demolicións e escavacións; Execución de pavimentos e Sinalización. Tamén fan referencia as medidas preventivas a aplicar en maquinaria.
- Indican e localizan os centros médicos aos que acudir en caso de accidente
- Contémplanse os sistemas de seguimento e control de aplicación do plan de seguridade e saúde.
- Indica mutua e servizo de prevención alleo.
- Achega un organigrama de persoal vinculado á seguridade e saúde e indica mutua e servizo de prevención alleo.
- No relativo á xestión da saúde tense en conta o establecido no apartado "*Programa de traballos*".
- Achégase acreditación de auditoria en materia de seguridade
- Achégase un plan de emerxencias correcto.
- Acéptanse melloras en materia de seguridade e saúde.

PUNTUACIÓN: 5,95 puntos.

Considérase que o esquema do Plan de seguridade presenta unha definición completa con insuficiente adaptación a la obra.

### 3) Plan de control de calidade.

- Achega descrición da estrutura técnico - administrativa responsable, do sistema de control de calidade baseado na norma ISO 9001.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Faise referencia ao sistema de control de calidade interno a levar a cabo pola empresa e achega de xeito detallado os criterios de aceptación e rexeitamento para as unidades de obra relativas a: recheos, saburra, pintura, losetas de terrazo, bordillos e formigón..
- Acheganse PPIs relativos a : Demolicións de pavimentos; escavacións; muro de perpiaño; pavimentos de formigón; colocación de bordillos e losetas e marcas viais.
- Achega plan un plan de ensaios de control de calidade relativo as unidades de recheos, saburra, pavimentos e marcas viais. En dito plan, especifícanse medicións, tipo de ensaio, a norma aplicable, frecuencia e o número de ensaios.
- Achega compromiso coa empresa proposta para realizar o plan de ensaios indicado, de data 26/08/2020.

PUNTUACIÓN: 6,45 puntos.

Considérase que se trata dun Plan de control de calidade, que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

#### 4) Actuación Medio Ambiental.

- Identifica a estrutura da empresa en materia de xestión ambiental.
- Achega descrición dos impactos, a súa valoración e as medidas correctoras por elemento afectado, para as seguintes unidades de obra: Implantación; Demolicións; Escavacións en gabiá/esplanacións; Bases granulares; Pavimentos e Sinalización horizontal e vertical.
- Fai referencia a rexeneración de espazos afectados de xeito correcto
- Cuantifica os residuos a xerar na obra.
- Identifícanse e localízanse xestores de residuos próximos á zona de obras obxecto de licitación e achegan carta de compromiso específica para a obra obxecto de licitación de data 09/09/2020.
- Fai mención á reciclaxe e reutilización de materiais indicando a reutilización prevista en obra e a xestión do residuo prevista segundo o caso.
- Incorpora plano no que se reflicte a situación da obra con respecto das áreas con algún réxime de protección.
- Achegan medidas de aforro enerxético.
- Achega diversos certificados de adecuación ambiental de materiais a empregar en obra.



## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Compromiso de cumprimento do artigo 4.c do Real decreto 105/2008, do 01 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no caso de resultar adxudicatario.

PUNTUACIÓN: 3,55 puntos.

Considérase que se trata dunha actuación medioambiental que presenta una definición completa con insuficiente adaptación á obra.

**A puntuación que obtén este licitador segundo os criterios anteriores é de 30,45 puntos.**

### **3.4. CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L**

Número de páxinas correcto.

#### 1) Programa de traballo:

- Memoria explicativa na que se localizan os distintos tramos do proxecto e na que se describe as actuacións a realizar apoiándose en planos de proxecto e indicando medicións.
- Memoria construtiva correcta na que se indica a secuencia de execución dos traballos e na que integra os sistemas construtivos aplicables á obra obxecto de estudio
- Dimensionamento dos equipos de traballo adaptados á obra obxecto de licitación.
- Achega análise dos servizos afectados e proposta de ordenación do tráfico rodado sinxela.
- Faise referencia as condicionantes externos a ter en conta durante a execución dos traballos.
- Achega relación de subministradores dos distintos materiais a empregar durante a execución dos traballos.
- Indica subcontratación para os traballos de sinalización e xardinería.
- Achega organigrama de persoal para a obra obxecto de licitación.
- Describe de xeito detallado os medios auxiliares que utilizará, a zona de acopios e o punto limpo da obra. Achega plano de localización, de distribución e fotografía da zona de instalacións auxiliares, maquinaria, punto limpo e acopio de materiais.
- Achega listado de actividades con rendementos e duracións para a formación do diagrama de Gantt.
- Achega diagrama de Gantt realizado segundo capítulos de proxecto.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Diagrama de inversións, realizado segundo capítulos de proxecto, con gráfica asociada, na que se indica a certificación mensual/acumulada e a produción mensual/acumulada.

PUNTUACIÓN: 11,40 puntos.

Considérase que se trata dun programa de traballo que presenta una definición completa con insuficiente adaptación á obra.

### 2) Esquema do plan de seguridade e saúde:

- Indica os riscos e as medidas preventivas da unidade de obra referida a pavimentación con formigón. Do mesmo xeito tamén indica riscos e medidas preventivas de maquinaria.
- Achega organigrama específico, indica servizo de prevención alleo, mutua de traballo e recurso preventivo.
- Faise referencia ao sistema de seguimento e control do plan de seguridade e saúde de xeito sinxelo.
- Indica como realiza o seguimento das subcontratas.
- No relativo á xestión da saúde tense en conta o establecido no apartado "*Programa de traballos*".
- Achegan unha análise de emerxencias moi detallado, indicando o procedemento de actuación, delimitación e valoración.
- Acéptanse as melloras técnicas achegadas.
- Xustifícase a realización das auditorías mediante a certificación OHSAS (Data caducidade: 23/09/2022)

PUNTUACIÓN: 4,90 puntos.

Considérase que o esquema do Plan de seguridade presenta unha definición completa con insuficiente adaptación a la obra

### 3) Plan de control de calidade.

- Achega descrición do sistema de control de calidade baseado na norma ISO 9001. Achega certificación (Data caducidade: 23/09/2022).
- Descrición do sistema de control de calidade interno referido á recepción e control de procesos de execución. PPI e instrución de pavimentación.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



- Achega plan de ensaios referidos as seguintes unidades: recheos, saburra, firmes e pavimentos, formigón, baldosas de formigón/terrazo e marcas viais. Indican medicións, nº de ensaios, normas de aplicación e frecuencias de ensaio.
- Achega compromiso coa empresa proposta para realizar o plan de ensaios indicado, de data 09/09/2020

PUNTUACIÓN: 5.60 puntos.

Considérase que se trata dun Plan de control de calidade, que presenta una definición completa con insuficiente adaptación á obra.

#### 4) Actuación Medio Ambiental.

Achégase un programa de actuación medioambiental:

- Achega diagrama de organización técnico administrativa relativo á xestión ambiental baseado na norma ISO 14001. Achega certificación (data caducidade:23/09/2022).
- Compromiso de cumprimento do artigo 4.c do Real decreto 105/2008, do 01 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no caso de resultar adxudicatario.
- Cuantifica e cualifica os residuos a xerar na obra. Fai mención a que é xestor de RCD´s
- Indica e localiza un xestores de residuos da zona e achega carta de compromiso cun deles, para obra obxecto de licitación, de data 02/09/2020.
- Indican de xeito concreto que materiais reutilizan e o xeito de facelo.
- Realiza unha descrición e valoración dos impactos e as medidas preventivas de xeito específico das seguintes unidades de obra: Demolicións de pavimentos; movemento de terras; tendido de instalacións; pavimentos de materiais granulares; pavimentos ríxidos.
- Achega plano no que se localizan as áreas con algún réxime de protección, con respecto da obra.

PUNTUACIÓN: 4.05 puntos.

Considérase que se trata dunha actuación medioambiental que presenta una definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.

**A puntuación que obtén este licitador segundo os criterios anteriores é de 25,95 puntos.**

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



### 4. PROPOSTA DE PUNTUACIÓN:

De conformidade co análise das ofertas presentadas que se contén no apartado precedente, faise a seguinte proposta de puntuación (achégase anexo con detalle das puntuacións, diante de calquera discrepancia entre este informe e o anexo de puntuacións, prevalecerá o anexo de puntuacións):

#### LICITADOR

1. CONSTRUCCIONES VÁZQUEZ Y REINO S.L	32,10
2. ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A	29,80
3. EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L	30,45
4. CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L	25,95

En Carballo - A Enxeñeira Técnica - Lorena Castrillón Manso (sinatura dixital)

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO  
 A Coruña



		CONSTRUCCIONES VÁZQUEZ Y REINO S.L	ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAOL S.L
LICITADOR					
BAREMO		PUNTOS	PUNTOS	PUNTOS	PUNTOS
<b>1) PROGRAMA DE TRABAJO</b>	<b>0-20</b>				
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan una definición completa con total o suficiente adaptación a la obra	13,01-20,0	14,95	15,30	14,50	-
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan una definición completa con insuficiente adaptación a la obra	6,01-13,0	-	-	-	11,40
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan una definición parcial con suficiente adaptación a la obra	0,01-6,0	-	-	-	-
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan una definición parcial con insuficiente o nula adaptación a la obra	0	-	-	-	-
<b>2) ESQUEMA PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE</b>	<b>0-10</b>				
Ofertas que presentan un esquema del plan de seguridad y salud que presentan una definición completa con total o suficiente adaptación a la obra	6,51-10,0	7,20	-	-	-
Ofertas que presentan un esquema del plan de seguridad y salud que presentan una definición completa con insuficiente adaptación a la obra	3,01-6,50	-	5,90	5,95	4,90
Ofertas que presenten un esquema del plan de seguridad y salud que presentan una definición parcial con suficiente adaptación a la obra	0,01-3,0	-	-	-	-
Ofertas que presenten un esquema del plan de seguridad y salud que presentan una definición parcial con insuficiente o nula adaptación a la obra	0	-	-	-	-
<b>3) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE</b>	<b>0-9</b>				
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan una definición completa con total o suficiente adaptación a la obra	5,86-9,0	-	-	6,45	-
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan una definición completa con insuficiente adaptación a la obra	2,71-5,85	5,80	5,25	-	5,60
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan una definición parcial con suficiente adaptación a la obra	0,01-2,70	-	-	-	-
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan una definición parcial con insuficiente o nula adaptación a la obra	0	-	-	-	-
<b>4) PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL</b>	<b>0-6</b>				
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL que presentan una definición completa con total o suficiente adaptación a la obra	3,91-6,0	4,15	-	-	4,05
Ofertas que presenten una actuación medioambiental que presentan una definición completa con insuficiente adaptación a la obra	1,81-3,90	-	3,35	3,55	-
Ofertas que presenten una actuación medioambiental que presentan una definición parcial con suficiente adaptación a la obra	0,01-1,80	-	-	-	-
Ofertas que presenten una actuación medioambiental que presentan una definición parcial con insuficiente o nula adaptación a la obra	0	-	-	-	-
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>		<b>32,10</b>	<b>29,80</b>	<b>30,45</b>	<b>25,95</b>